

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE CISTERCIENSE DO DIVINO SALVADOR DE FERREIRA DE PANTÓN (LUGO) PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE RESTAURACIÓN DAS CUBERTAS DO MOSTEIRO DE FERREIRA DE PANTÓN: CLAUSTRO, CASA DAS DONAS E OUTRAS PUNTUAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Comunidade Cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón (Lugo) o instrumento conuenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conuenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Comunidade Cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón (Lugo) para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a realización das obras de restauración das cubertas do Mosteiro de Ferreira de Pantón: Claustro, Casa das Donas e outras puntuais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conuenial que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O inmobile denominado Mosteiro de Ferreira de Pantón localízase no de A Vila do Mato, na parroquia de Ferreira de Pantón (Santa María) no concello da Pantón. Está protexido polo seu valor cultural ao ter consideración de Ben de Interese Cultural segundo o que establece o Decreto 2495, do 23 de agosto (BOE, núm. 254 do 23/10/75). Asemade o mosteiro atópase no ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, declarada ben de interese cultural polo Decreto 166/2018, do 27 de decembro (DOG núm. 248 do 31.12.2018).

O mosteiro de Ferreira de Pantón é o único en Galicia que dende a súa fundación segue cumprindo como cenobio feminino. De orixe bieito, acóllese á reforma do Císter.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estrictamente conuenial.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

